



DECRETO DE RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS, ALCALDE

**DECRETO: Aprobación da LISTA DEFINITIVA de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a creación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha AXENTE TIC (DINAMIZADOR DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN) para o Centro para a modernización e inclusión tecnolóxica, CeMIT de Riveira, designación do Tribunal Avaliador, lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo.**

Visto o expediente que se tramita para a creación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha AXENTE TIC (Dinamizador da sociedade da información) para o Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica, CeMIT de Riveira, a través do sistema de selección de CONCURSO DE MÉRITOS, segundo as Bases de selección que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 20/12/2018, e publicadas no BOP de A Coruña número 245 do 26/12/2018, no taboleiro de anuncios do Concello de Riveira, así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado BOP, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, e no xornal "La Voz de Galicia" na súa edición do 26/12/2018.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, na data 22/01/2019 ditou resolución aprobando a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, que se publicou na páxina web do Concello, e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial no que estivo exposta ao público desde a data 23/01/2019 ata a data 12/02/2019, concedéndose un prazo de 2 días hábiles, contados desde o seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Polo exposto, rematado o prazo de subsanación de erros ou de presentación de emendas, esta Alcaldía, de conformidade coa Base 7ª das que rexen este proceso selectivo **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Aproba-la lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I.	Admitido/a	Causa da exclusión
Blanco Anaya Marta Lucía	44813884V	Si	
Blanco Pérez Raimundo	78733703B	Si	



Bello Fernández de Sanmamed Manuel	52457628X	Si	
Fernández García Jessica	53484229Y	Si	
Franco Pérez Miguel	52939000S	Si	
González Gómez Jorge E.	44495321G	Si	
Méndez Morales Álvaro	35482150G	Si	
Novo Novo José Miguel	52455925D	Si	
Pérez Martínez Ana M <sup>a</sup>	44838696N	Si	
Purriños Romero Agustín	79336087W	Si	
Santos Dios José Ramón	52459050Y	Non	(4)
Táin Alonso Alberto	44090666B	Si	

- 1) Non achegar instancia solicitando participar no proceso selectivo.
- 2) Instancia presentada fóra de prazo.
- 3) Non achegar fotocopia do DNI.
- 4) Non achegar fotocopia do título académico esixido na convocatoria.
- 5) Non achegar xustificante do ingreso dos dereitos de exame.
- 6) Non achegar documentación que acredite a situación de desemprego para o caso da exención da taxa.
- 7) Non achegar copia do permiso de conducir clase B.
- 8) O permiso de conducir da clase B que se achega non está vixente á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A inclusión dos aspirantes na lista definitiva de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

**Segundo.-** A lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Así mesmo, a título informativo e complementario, publicarase na páxina web do Concello de Riveira ([www.riveira.es](http://www.riveira.es)) no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

**Terceiro.-** Nomear o seguinte Tribunal Avaliador do proceso selectivo:

Presidente: Titular: Juan Manuel Salguero del Valle. Suplente: José Martínez de Llano Orosa.

Secretaria: Titular: María Sieira Rios. Suplente: José Antonio Otero Sobrido.

Vogais: 1º Vogal: Titular: María Paz Vidal. Suplente: Ana M<sup>a</sup> Vilasó Martínez. 2º

Vogal: Titular: Iván Sartages Torres. Suplente: Jorge González Mariño. 3º Vogal:

Titular: Uxía Landeira Pereira. Suplente: Juan Antonio Sieira Parada.

Contra a composición deste Tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Convocar **ós membros do Tribunal Avaliador** para que concorran á Casa Consistorial do Concello de Riveira **o día 26 de febreiro de 2019, ás 9:00 horas**, co obxecto de proceder á súa constitución e ao inicio do proceso selectivo coa valoración dos méritos presentados e debidamente acreditados polos aspirantes. A estes efectos, e de conformidade coa Base 9<sup>a</sup> das que rexen este proceso selectivo, **o Tribunal Avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á realización da citada valoración de méritos.**

**Quinto.-** Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela,



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30004E10100Y7X7E1G9B7J9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/02/2019  
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/02/2019  
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/02/2019 12:43:30

DOCUMENTO: 20190319745

Fecha: 15/02/2019

Hora: 12:36



no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

*En Riveira, a data que figura na sinatura dixital. O alcalde, Manuel Ruiz Rivas. Dou fe, o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30004E10100Y7X7E1G9B7J9 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/02/2019  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/02/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/02/2019 12:43:30

DOCUMENTO: 20190319745

Fecha: 15/02/2019  
Hora: 12:36

